

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL PARA O ANO 2023.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA E NON CONCORRENCIA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e Consello da Avogacía Galega, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e xuventude, e o Consello da Avogacía Galega, para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial gratuíta de Galicia, nos colexios de avogados da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:



Que as partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos e, máis concretamente, como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que adopten por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable, considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

Neste sentido, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos/as menores.

Para continuar coa implantación do programa de mediación intraxudicial, e tendo en contra a especificidade das actuacións que conleva, resulta imprescindible a colaboración do Consello da avogacía Galega, como encargado de coordinar a acción conxunta dos colexios de avogados de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

O desenvolvemento do programa de mediación intraxudicial con carácter exclusivo por parte dos Colexios de Avogados, e a labor de coordinación dos colexios integrados nel que leva a cabo o Consello da Avogacía Galega, asumindo a súa representación nas cuestións de interese común dos colexios, xustifica a necesidade de acudir á sinatura dun convenio de colaboración con esta Corporación de dereito público, e fan que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para este fin.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital do presente documento

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo José Rey Sastre

